O 20 de xuño de 2019 tivo entrada na Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa (DXARA) oficio da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, mediante o que se solicita a este centro directivo a emisión de informe en relación co anteproxecto de Lei de Ordenación do Territorio de Galicia, acompañado da memoria xustificativa e económica.

Atendendo á solicitude formulada, tendo en conta o disposto no artigo 42.7 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico (LOFAXGA), e en base ás competencias que lle confire o artigo 41 do Decreto 74/2018, do 5 de xullo, polo que establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (DOG núm. 141, do 24 de xullo), a DXARA emite o seguinte:

INFORME

PRIMEIRO.- Constitúe o obxecto da Lei de Ordenación do Territorio de Galicia establecer os principios e criterios básicos, e regular os instrumentos necesarios para a coordinación da política territorial e a ordenación do espazo da Comunidade Autónoma de Galicia.

SEGUNDO.- O anteproxecto de lei cuxo texto se somete a informe consta de 59 artigos, dunha Exposición de Motivos, dun título preliminar, título I, seis disposicións adicionais, catro disposicións transitorias, unha disposición derrogatoria e tres disposicións derradeiras.

Esta norma que se informa vén xustificada pola necesidade de revisión da normativa vixente en materia de ordenación do territorio, para lograr os obxectivos sinalados pola Estratexia Territorial Europea e para adaptar o contido da Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia a aqueles obxectivos, quedando esta última lei derrogada, tal e como se establece na disposición transitoria primeira.

Asemade, as políticas de planificación territorial deben orientarse aos principios e ás propostas a escala europea e mundial como son impulsar o desenvolvemento de infraestruturas verdes en todos os ámbitos territoriais e garantir a súa consideración na ordenación do territorio.

Destaca como importante novidade desta lei o establecemento dun único procedemento de tramitación para todos os instrumentos de ordenación do territorio e se fai nesta lei unha importante labor de sintetización dos devanditos instrumentos, ao eliminar figuras previstas na Lei 10/1995, do 23 de novembro, como son os plans de ordenación do medio físico e os dos programas coordinados de actuación.

TERCEIRO.- O título preliminar establece unha serie de disposicións xerais (capítulo I), a competencia e colaboración administrativas en materia de ordenación do territorio (capítulo II) e a transparencia e a participación cidadá (capítulo III).

O título I regula a ordenación do territorio. Este título divídese da seguinte forma:

O capítulo I establece as disposicións xerais.

CVE: n0pme6CRH0
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

O capítulo II regula os instrumentos de ordenación territorial (as directrices de ordenación do territorio, os plans territoriais, os plans sectoriais e os proxectos de interese autonómico).

O capítulo III ocúpase do procedemento de elaboración e aprobación dos instrumentos de ordenación do territorio.

O capítulo IV aborda a modificación dos instrumentos de ordenación territorial.

Por último, o capítulo V regula os efectos e vixencia dos instrumentos de ordenación do territorio.

CUARTO.- O artigo 42.7 da LOFAXGA, incardinado no Capítulo II, referido ao procedemento de elaboración de disposicións administrativas de carácter xeral, establece:

> *"7. De tratarse de proxectos que afecten a estrutura orgánica, métodos de traballo, procedementos administrativos e burocráticos ou o réxime de persoal da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ou do sector público autonómico, requirirase o informe favorable da consellaría, ou das consellarías, con competencia en materia de administracións públicas e emprego público."*

QUINTO.- En canto aos métodos de traballo, considérase axeitada a regulación desta lei en relación aos instrumentos de ordenación territorial (capítulo II do título I). En concreto, no relativo á regulación das directrices de ordenación do territorio (sección 1ª), dos plans territoriais (sección 2ª), tanto os integrados como os especiais, dos plans sectoriais (sección 3ª) e dos proxectos de interese autonómico (sección 4ª).

SEXTO.- A lei contempla varios procedementos administrativos iniciados a instancia de parte, entre os cales atópanse os seguintes:

-Procedemento de declaración de interese autonómico (artigo 40).
-Elaboración e competencia nos proxectos de interese autonómico (artigo 45).
-Procedemento de declaración de caducidade dos proxectos de interese autonómico (artigos 47 e 48).

Respecto aos procedementos administrativos iniciados a instancia de parte cómpre salientar que a normativa de desenvolvemento dos procedementos e os formularios de solicitudes e de comunicacións previas asociados, deberán axustarse á Guía de textos e formularios normalizados aprobados polo Consello da Xunta o día 22 de abril de 2014 e actualizados por Resolución conxunta do 22 de decembro de 2016, da Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa e da Axencia para a modernización Tecnolóxica de Galicia, pola que se aproba a versión 2.0 das Guías para a habilitación electrónica de procedementos e publicadas o día 26 de decembro de 2016 no DOG, e dispoñibles na http://intranet.xunta.gal/guias-habilitacion-procedementos

Para a habilitación dos procedementos administrativos na sede electrónica, a normativa de desenvolvemento que regule os mesmos, deberá contar cun informe tecnolóxico e funcional favorable emitido conxuntamente polos órganos con competencias horizontais en materia de administración electrónica e avaliación e reforma administrativa da Xunta de Galicia, en virtude do disposto no artigo 6 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico e de acordo co disposto na Orde do 12 de xaneiro de 2012 pola que se regula a habilitación de procedementos administrativos e servizos.

CVE: n0pme6CRH0
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

SÉTIMO.- En relación cos procedementos administrativos de oficio, o artigo 41.2.C.c) do Decreto 74/2018, do 24 de xullo, establece que son competencias da Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa: "*A emisión de informe para a incorporación ao inventario de información administrativa e á sede electrónica dos procedementos administrativos iniciados de oficio na administración da Comunidade Autónoma de Galicia.*"

Nesta norma se regulan varios procedementos administrativos de oficio, entre os que se atopan:

-Procedemento de declaración de interese autonómico (artigo 40).
-Caducidade da declaración de interese autonómico (artigo 41).
-Elaboración e competencia nos proxectos de interese autonómico (artigo 45).
-Procedemento de declaración de caducidade dos proxectos de interese autonómico (artigos 47 e 48).
-Procedemento de aprobación dos instrumentos de ordenación do territorio que deban someterse a avaliación ambiental estratéxica ordinaria (artigo 52).
-Procedemento de aprobación dos instrumentos de ordenación do territorio que deban someterse a avaliación ambiental estratéxica simplificada (artigo 53).
-Procedemento de modificación non substancial dos instrumentos de ordenación do territorio (artigo 55).

Convén lembrar que para incorporar, no seu caso, os procedementos de oficio e habilitar todas as funcionalidades necesarias na súa tramitación, en especial a utilización do servizo notifica.gal ou outros servizos electrónicos, sería necesario a súa incorporación previa ao Inventario de Información Administrativa (IIA) e solicitar o informe conxunto da Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa e da AMTEGA, de conformidade coas Instrucións aprobadas pola Subcomisión de interoperabilidade o 2 de xullo de 2018 e dispoñibles na intranet da Xunta de Galicia. https://intranet.xunta.gal/habilitacion-procedementos-oficio-iia

OITAVO.- O artigo 14.5 do anteproxecto de lei, obxecto de informe, en relación co dereito á información territorial establece que*: "as solicitudes de información territorial deberán ser resoltas no prazo máximo de dous meses"*. Respecto ao anterior, cómpre lembrar que segundo recolle o artigo 20.1 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno (normativa básica) existe un **prazo máximo dun mes** para ditar e notificar unha resolución que conceda ou denegue ao solicitante o acceso á información pública. Neste artigo recoñécese a posibilidade de ampliar este prazo por un mes máis pero só no caso de que o volume ou a complexidade da información que se solicita o fagan necesario.

Polo tanto, suxírese reducir o prazo máximo para ditar resolución de dous a un mes, de acordo co disposto na normativa básica na materia, sen prexuízo de recoller na norma a posibilidade de ampliar dito prazo por outro mes no caso de que o volume ou a complexidade da información que se solicita así lo fagan necesario e previa notificación ao solicitante.

NOVENO.- En diferentes artigos do texto do anteproxecto de lei, entre outros, o artigo 52.4 en relación co procedemento de aprobación dos instrumentos de ordenación do territorio que deban someterse a avaliación ambiental estratéxica ordinaria, regúlase o trámite de información pública e recollen a necesaria "publicación do anuncio no Diario Oficial de Galicia, nos Boletíns Oficiais da Provincia correspondentes e na sede electrónica da Xunta de Galicia".

En efecto, no artigo 7.e) da Lei 19/2013, do 9 de novembro, establécese a obriga das Administracións Públicas de publicar os documentos que, conforme a súa lexislación vixente, deban ser sometidos a un período de información pública durante a súa tramitación.

CVE: n0pme6CRH0
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Porén, de conformidade co disposto no artigo 29.1 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, convén lembrar que o Portal de transparencia e Goberno está configurado como o sitio web onde deben publicarse os documentos que, conforme a lexislación sectorial vixente, deban ser sometidos a un período de información pública durante a súa tramitación, sen prexuízo da súa publicación a través doutros medios.

DÉCIMO.- Por último procede indicar unha serie de melloras puntuais no texto:

-Recoméndase valorar a inclusión no último parágrafo da Exposición de Motivos do Decreto 80/2000, do 23 de marzo, polo que se regulan os Plans e Proxectos Sectoriais de Incidencia Supramunicipal, para gardar homoxeneidade co disposto na disposición transitoria primeira.

-No artigo 24.4 faise unha remisión ao procedemento previsto no artigo 51 en lugar de ao artigo 52.

-Dentro da sección 1 ª do capítulo II do título I, adicada ás directrices de ordenación do territorio, recoméndase valorar que no artigo 26.3 se detalle o órgano competente na elaboración da memoria.

-No texto desta lei, onde se di *"Subsección 2ª. Eficacia dos plans territoriais"* debería dicir *"Subsección 3ª. Eficacia dos plans territoriais"* (antes do artigo 32).

-Onde se di *"Sección 3ª. Os proxectos de interese autonómico"* debería dicir *"Sección 4 ª. Os proxectos de interese autonómico"* (antes do artigo 38).

-Onde se di *"Subsección 3ª. Xestión e execución dos proxectos de interese autonómico"* debería dicir *"Subsección 2ª. Xestión e execución dos proxectos de interese autonómico"* (antes do artigo 49).

-A revisión da numeración dos apartados do artigo 55.

Por todo o anterior, a Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa , sen prexuízo do disposto nos apartados sexto e sétimo deste informe, emite **INFORME FAVORABLE** ao anteproxecto da Lei de ordenación do territorio de Galicia.

Santiago de Compostela

A Directora Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa

Natalia Prieto Viso

Asinado por: PRIETO VISO, NATALIA
Cargo: Directora Xeral
Data e hora: 11/07/2019 13:56:20

CVE: n0pme6CRH0
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve